

ALEGACIONES DE ADEGA E A ORGACCMM AO BORRADOR DA LEI DE MONTES DE GALICIA

1.- Achegas de tipo xeral:

1ª)Primeira:

Substituír en todo o texto do borrador da Lei de montes de Galicia o termo "*forestal*" por "*monte*"; e onde apareza o termo "*propietarios forestais*" engadir "*e titulares dos montes*", e onde apareza "*aproveitamentos forestais*", por aproveitamentos do monte.

Explicación: Os termos monte e forestal, non son sinónimos. O forestal é só un aspecto do monte. Para os montes veciñais en man común o termo titular e o mais acaído xa que os veciños e veciñas comuneiros, mais que titulares, como usufrutuarios. Os aproveitamentos do monte, non son só os aproveitamentos forestais.

2ª) Segunda:

Deberíase empregar unha linguaxe non sexista en todo o articulado da lei.

Explicación: acorde cos tempos nos que vivimos

3ª) Terceira

Debese usar no texto da lei, o galego normalizado.

Explicación: o noso idioma e unha das nosas sinais de identidade.

2.- Achegas ao articulado:

Artigo 2

Punto :

Engadir ao final do punto 1, "*e os montes veciñais en man común tal e como se recolle no artigo 20*"

Explicación: Se non semella que os montes veciñais en man común, quedan fora do concepto do monte.

Punto 1.b:

Engadir, ao final do parágrafo "*así como os equipamentos e as infraestruturas sociais*"

Explicación: Se están no monte, teñan que ser monte. A existencia de estes equipamentos e de estas infraestruturas, non poden significar que o monte sexa eliminado.

Punto 1.c:

Eliminalo

Explicación: É unha forma encuberta de transformar terras agrarias a monte.

Artigo 3

Engadir ao punto a, ao principio a palabra "*O fomento*"

Engadir os seguintes puntos

g)-A participación dos sectores sociais, medioambientais e económicos, relacionados coa política de montes.

h)-O interese público e social dos montes veciñais en man común e a colaboración coas comunidades de montes .

i)-O fomento da diversidade biolóxica dos ecosistemas monte .

Explicación : Da unha visión mais real dos montes e dos montes veciñais en man común.

Artigo 5

Puntos 1::

Engadir na parte final do artigo “e servizos”.

Puntos 3:

Engadir “ambientais”.

Artigo 6

Engadir punto 14. “conservación do medio e da cultura”.

Artigo 8

Puntos 2 e 3:

Substituír o textos dos dous puntos polo seguinte texto: “Aproveitamentos do monte”-*Son todos aqueles que teñen como base territorial o monte*”

Explicación : Para que o monte se poña en valor para beneficio dos seus titulares e para beneficio da sociedade ,no seu conxunto , todos os aproveitamentos que se dan no monte , teñen que ter a consideración de aproveitamentos do monte , independentemente de que algúns destes aproveitamentos , teñan unha lexislación especial .

Punto 8

Substituír o contido deste punto , polo seguinte: “Forestal” -Un aspecto do monte, relacionado con plantacións arbustivas.

Explicación:A mesma que a dada para o artigo 1

Punto 23

Substituír o contido de este punto polo seguinte texto: “Xestor de biomasa: *persoa física, xurídica , comunidades de montes ou mancomunidades de comunidades de montes , que , acreditados pola Administración Autónoma, realiza accións de recollida, transporte ,almacenamento ou procesado dos restos forestais para a súa valorización enerxética , de compostaxe ou outros aproveitamentos industriais*”.

Explicación: Os veciños e veciñas e as comunidades de montes, son os tradicionais xestores da biomasa .Entendemos que a lexislación debe recoller e defender esta actividade para as comunidades de montes .

Nova definición :

Montes periurbanos: *montes lindeiros con zonas urbanas e habilitados para unha utilización sociorecreativa en canto a accesibilidade, a existencia de infraestruturas e, en xeral a accións e dotacións que aumenten a súa capacidade de acollida.*

Participación pública: *proceso voluntario onde as persoas, individualmente ou a través de grupos organizados, poden intercambiar información, expresar opinións e articular intereses para influír no resultado final da planificación e xestión do monte”*

Explicación : E reflectir unha realidade.

Engadir os seguintes termos: *xestión pública, contratos de xestión pública, participación pública, custodia do territorio, bosque de ribeira, bosque autóctono, plantación, comercio responsable, consumo responsable produtos do monte.*

Artigo 9

Punto 4

Engadir ao final "*conforme ca Lei 43/2003*"

Explicación. Para unha mellor claridade.

Artigo 12

Punto 2

Engadir na parte final "*e organizacións sen ánimo de lucro relacionadas coa conservación e protección do medio*" (organizacións ecoloxistas, ambientalistas e conservacionistas tal e como recolle a ley 27/2006 *pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e a de acceso á xustiza en materia de medio ambiente*).

Punto 3

Engadir novo texto: "*As funcións do consello forestal de Galicia serán:*

- a. *Coñecer e ser consultado pola administración sobre as propostas de regulación e de planificación territorial forestal e sobre a Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel.*
- b. *Propoñer ás Administracións Públicas as medidas que considere necesarias para cumprir os principios desta lei.*
- c. *Formular propostas e emitir informes acerca da percepción social do monte.*
- d. *Fomentar o diálogo, a participación e a colaboración entre todas as Administracións Públicas, institucións, asociacións de propietarios e de comunidades de montes veciñais e demais axentes sociais, económicos e ambientalistas implicados no sector forestal e no uso sustentábel dos montes galegos, propiciando o intercambio de información, entre todos os integrantes do consello dos temas que sexan obxecto de debate no sector forestal.*
- e. *Fomentar a celebración de seminarios, xornadas, actos ou foros en materia forestal.*
- f. *Impulsar a realización de informes e estudos, á iniciativa do propio Consello, sobre o sector forestal.*

Artigo 13 .

Punto 1

Engadir ao final do punto "*e montes veciñais en man común*".

Explicación : E reflectir na lei , unha realidade.

Punto 4

Eliminar o termo "*privado*" e substituír natureza especial por natureza xermánica e "*propietarias*" por "*titulares*".

Texto alternativo: "*os montes veciñais en man común teñen natureza especial, de carácter xermánico, derivada desta propiedade en común, suxeita ás limitacións de indivisibilidade, inalienabilidade, imprescriptibilidade e inembargabilidade. Non están suxeitos a ningunha contribución de base territorial nin á cota empresarial da Seguridade Social*".

Explicación: As mesmas que para o a achega xeral.

Artigo 17.

Eliminar o de "*montes veciñais*"

Explicación: O monte veciñal é unha titularidade distinta.

Artigo 20:

Eliminar a palabra "privado" e substituír "natureza especial" por "natureza xermánica".

Artigo 22:

Punto 1:

Nova redacción deste punto que quedaría do seguinte xeito: "*A xestión dos montes protectores, corresponde aos seus titulares. A Administración competente en materia de montes elaborará o proxecto de xestión e acompañará medidas económicas*"

Explicación: Os montes protectores benefician a toda a sociedade.

Artigo 36:

Punto 3:

Engadir apartado 36.3. "*A súa composición establecerase regulamentariamente, tendo unha equilibrada representación territorial*".

Artigo 44

Punto 1

Substituír a palabra "forestal" por "conforme o mapa de usos".

Explicación: O forestal é só un aspecto do monte.

Artigo 52.

Punto 1

Engadir despois de "*comunidades propietarias*" o seguinte texto "*o equipo técnico e xurídico dos servizos provincias de montes*"

Explicación: Se a Administración ten competencia na declaración do monte como veciñal en man común, ten que dispor de mecanismos para o deslinde.

Artigo 53

Punto 3

Engadir ". . . tres membros vinculados ao monte (*distribuídos no ámbito social, económico e ambiental*) polo Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común".

Artigo 54

Punto 5

Engadir ". . . tres membros vinculados ao monte (*distribuídos no ámbito social, económico e ambiental*) polo Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común".

Artigo 55

Punto 1

Substituír a palabra "poderanse" polo texto "*A Administración colocará os marcos*".

Explicación: Non pode ser unha opción, ten que ser unha obriga.

Punto 2

Cambiar de orde o tema de "*resolta pola vía xudicial*" e de "*pronunciamento do Xurado Provincial*"

Explicación: Semella lóxico que a vía xudicial sexa a última instancia.

Novo punto

Novo punto titulado "*Fomento do deslinde e marcaxe de MVMC*" co seguinte texto: "*A*

consellería competente en materia de montes priorizará entre as súas actividades de fomento o deslinde e marcaxe de MVMC”.

Artigo 57

Redacción de un novo texto: *"De xeito excepcional , as comunidades de montes veciñais en man común, poderán adquirir terreos colindantes e enclavados. Así como adquirir terras se padecen un acto de expropiación, que signifique eliminación física do monte. Estas adquisicións comunicaranse ao Xurado Provincial de montes veciñais en man común que integrará a superficie adquirida e o comunicar.a ao Rexistro de Propiedade que tomará razón da mesma . Os terreos adquiridos , terán a consideración de monte veciñal en man común .O mesmo acontecerá .se polos mesmos motivos , as comunidades de montes adquiriron terras antes da entrada en vigor de esta lei. Para elo, as comunidades de montes veciñais en man común, terán plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins e a defensa dos seus dereitos sobre o monte veciñal e os seus aproveitamentos ,así como sobre a súa administración,disposición e actos derivados. Así mesmo, as comunidades de montes veciñais en man común,terán plena capacidade xurídica para a realización de todos aqueles actos e negocios xurídicos que teñan por obxecto obras ou servizos comunitarios e ,en xeral , para todos aqueles actos ou negocios xurídicos que redunden no beneficio da comunidade veciñal , de acordo co que se decida en cada momento a súa asemblea xeral"*

Explicación: E o xeito de que , ser perder a súa condición de carácter xermánico, poida adquirir terras .De non facelo así ,o que se pretende por medio de esta lei de montes , e dotar as comunidades de montes de personalidade xurídica, e xa que logo, iniciar o camiño da súa privatización.

Artigo 58

Punto 2

Engadir na parte final *“ . . . minerais, vento, sol, etc; así como o subministro de servizos como o recreo, a paisaxe, a protección hídrica, do aire e o solo, a conservación da biodiversidade, da cultura e da flora e a fauna”.*

Artigo 59

Punto 3

Engadir ao final do parágrafo, o texto seguinte: *"agás nos casos en que o causante do lume sexa o titular do monte"*.

Explicación: Non se pode castigar ao titular do monte dobremente polo propio lume e por impedir a súa planificación do monte , cando o lume, foi causado por un alleo.

Artigo 60

Punto 1

No punto a. eliminar *“ . . . ou especies do Anexo I con idades medias inferiores a dez anos, . . . ”* e engadir no 60.1.b. *“En superficies maiores de cinco hectáreas ou especies do Anexo I, . . .”*. No punto 60.1.c. eliminar *“ . . . con idades medias superiores a dez anos, . . . ”* e engadir na parte final *“e que a masa a transformar non forme parte dun vieiro ecolóxico, unha paisaxe singular ou nalgunha das figuras de protección ambiental.”*

Engadir artigo 60.1.d. *“No caso de cambios de actividade en concentracións parcelarias, deberán aterse ao establecido no plano de cultivos ou en caso de non existir, da*

planificación que estableza conxuntamente o servizo de conservación da natureza, de montes e agrario”.

Artigo 61

Eliminalo

Explicación Sería permitir a forestación de terras agrarias.

Artigo 62

Engadir despois de "no artigo 65.2, apartados e) e d) o seguinte texto: *"A Administración competente en materia de montes, elaborará o proxecto técnico, así como dará apoio técnico e axudas económicas"*.

Explicación: Non pode ser que o titular que padeza o lume nas súas terras ,logo teña que correr el so cos gastos de restauración.

Artigo 66

Engadir ao final do parágrafo *" e montes veciñais en man común "*

Explicación O monte veciñal e unha titularidade especial e como tal debe estar protexido.

Artigo 67

Punto 1

Engadir apartado 67.1.bis) co texto que establece o artigo 28 da lei 3/2007: *"Prohíbense as repoboacións forestais en zonas adicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos. A Administración poderá autorizar baixo determinadas condicións o cambio de actividade agrícola a forestal, sempre que non interfira no desenvolvemento agrario da zona."*

Punto 3

Engadir *"As especies utilizables nos cultivos enerxéticos e as condicións técnicas para a súa implantación en territorio forestal . . ."*.

Punto 4

Engadir. *". . . co xénero Eucaliptus e Pinus . . ."*.

Punto 8

Engadir *"A repoboación forestal en montes catalogados de utilidade pública, montes patrimoniais e montes en xestión pública, priorizará as especies do anexo I, tendo como obxectivo preferente o protector, ambiental e social."*.

Punto 9

Engadir *"As actuacións de repoboación forestal que superen as 5 hectáreas en couto redondo, necesitarán do correspondente proxecto técnico. Os proxectos de repoboación forestal someteranse á aprobación da Consellería competente en materia de montes, agás para os montes que dispoñan dun instrumento de xestión forestal aprobado pola devandita consellería que precisarán de notificación que deberá practicarse nun prazo de 15 días previamente á realización da repoboación."*.

Artigo 70

Punto 5

Modificar o artigo 70.5. *" . . . coa conformidade do 60% das persoas propietarias da superficie a concentrar"*.

Artigo 72

Punto 4

Inclusión dun novo punto 72.4. que diga: *“O Plan Forestal de Galicia contará cun proceso de participación pública que se definirá regulamentariamente”*

Artigo 74

Punto 1

Eliminar a palabra preferentemente deste artigo xa que o ámbito de actuación dos PORF é o distrito forestal, tal e como xa está definido no Decreto 43/2008, do 28 de febreiro, polo que se determina o ámbito de aplicación dos PORF para Galicia.

Punto 2

Engadir no final do artigo 74.2. o seguinte texto: *“ao mesmo que cos Plans de Ordenación dos Recursos Naturais ou calquera outro instrumentos de xestión ambiental existente no territorio de afección do plan”*

Artigo 75

Punto 1

Substituír o texto do artigo , polo seguinte:

“Os PORF serán aprobados polo Consello da Xunta mediante decreto, tras a consulta ao consello forestal ,aos representantes das comunidades de montes, do sector monte ,das entidades locais, e de outros colectivos usuarios con interese no monte. A aprobación de estes plans incluírá o trámite de información pública que durará entre 1 e 2 meses”

Novo punto 3

Inclusión dun novo punto 75.3. que diga: *“Todos os PORF contarán na súa elaboración cun proceso de participación pública que se definirá regulamentariamente”*.

Artigo 76

Punto 1

Inclusión dun novo apartado 76.1. *“Os PORF contarán con tres elementos principais que se elaborarán de forma paralela que son: i) Documento técnico . ii) Avaliación Ambiental Estratéxica; e iii) Proceso de participación pública”*

Modificación do punto 76.1. que pasará a denominarse 76.2. e inclusión dun novo punto 76.1.i) *“Características sociolóxicas: demografía, composición da estrutura social do distrito, estrutura da propiedade, usos e costumes do monte, elementos culturais e etnográficos vinculados ao monte, problemas e ameazas detectados polos propietarios, preferencias e motivacións das persoas propietarias do monte, redes sociais, . . .”*

Artigo 76

Punto 4

Modificación do punto 76.4. polo seguinte texto: *“Os instrumentos de planeamento urbanístico, no relativo aso terreos forestais axustaranse obrigatoriamente as prescricións dos PORF. En todo caso, os instrumentos de ordenación forestal serán prevalentes aos instrumentos de ordenación territorial e urbanística”*.

Artigo 77

Punto 4

Modificar o artigo 77.4. *“. . . así como todos os privados superiores a 15 hectáreas . . .”*.

Punto 5

Modificar o artigo 77.5. *“As propiedades particulares de superficie forestal inferior a 15*

hectáreas . . .”.

Artigo 83

Engadir ao final o seguinte texto *"O mesmo será de aplicación a Administración competente en materia de montes, no caso dos montes veciñais consorciados ou conveniados"*.

Explicación: Todos os cidadáns somos iguais ante a lei

Artigo 84

Punto 1

Substituír o texto do punto polo texto da achega presentada ao artigo 8 ou polo texto alternativo *" . . . minerais, vento, sol, etc; así como o subministro de servizos como o recreo, a paisaxe, a protección hídrica, do aire e o solo, a conservación da biodiversidade, da cultura e da flora e a fauna . . ."*.

Artigo 85

Eliminar todo o que vai despois de *"unha fonte de rendas para o propietario"*.

Explicación: Por ser algo obvio

Artigo 86

Punto 2 .

Engadir despois de Rexistro de Terreos Forestais de Pastoreo o seguinte texto *"A inclusión de parcelas dedicadas a pasto, leva consigo a definición de estas parcelas como pastos arbustivos ou rodais de aproveitamentos silvopastorais"*

Explicación. Para superar as indefinicións dos usos do monte entre as diversas administracións.

Punto 7

Engadir ao final do texto " Namentras non haxa os convenios de colaboración cos concellos , a competencia para retirar o gando non identificado, nin autorizado, correspóndelle a Consellería do Medio Rural.

Explicación A día de hoxe , e aplicando unha lei de principios do século pasado, xa son os concellos os responsables de retirar este gando. E todos sabemos o resultado que da.

Artigo 90

Engadir no texto: *"O importe que ingrese a administración por alleamento, ingresarse no fondo de melloras"*.

Artigo 93

Engadir un novo apartado no artigo 93: *"As limitacións aos aproveitamentos en masas consolidadas de frondosas autóctonas serán compensadas pola administración a través de mecanismos de custodia do territorio. Neste sentido, a administración galega fomentará acordos de custodia de territorio."*

Engadir un novo apartado no artigo 93: *"Os aproveitamentos en masas consolidadas de frondosas autóctonas limitaranse a entresacas ou cortas similares, que se definirán regulamentariamente."*

Artigo 95

Engadir un novo apartado no artigo 95: “ *A regulación da biomasa forestal, o seu manexo e aproveitamento garantirá a conservación da biodiversidade, a estabilidade dos solos, facilitando o desenvolvemento dos ciclos ecolóxicos e a súa compatibilidade coas actividades tradicionais da industria forestal*”.

Artigo 99

Punto 1

Engadir no artigo 99.1.: “ *. . . as asociacións sen ánimo de lucro vinculadas á conservación e defensa do medio (rural ou/e monte)*”.

Artigo 102

Punto 1

Engadir no artigo 102.1.: “ *. . . de aproveitamentos de cogumelos, plantas aromáticas, pequenos froitos, castañas, . . .*”

Artigo 105

Punto 3

Engadir apartado 3 no artigo 105: “ *A administración fomentará as compras públicas de produtos forestais certificados, dentro do ámbito das compras responsables*”.

Modificar o título VII por “Extensión forestal”.

Artigo 106

Engadir ao final do texto “ *Así mesmo , promoverá na educación primaria e secundaria, así como na educación formal e informal, os coñecementos das características e das funcións dos montes veciñais en man común e o funcionamento das comunidades de montes. A consellería do Medio Rural incluírá no curriculum de todo ensino obrigatorio o coñecemento e beneficio dos montes así como o funcionamento democrático das comunidades de montes. Fomentará, así mesmo, programas de sensibilización cara os montes e a diversidade dos seus usos.*”.

Explicación : 1/4 do territorio galego , non pode quedar fora do ensino

Artigo 108

Punto 2

Engadir despois de “ *asociacións do sector forestal*” e coas comunidades de montes.

Explicación: Non semella lóxico que todo mundo poida facer programas de divulgación e as comunidades de monte ,non os poidan facer.

Punto 3

Engadir apartado 3: “ *Para fomentar o uso educativo do monte e dar a coñecer a diversidade dos seus usos, a consellería competente en materia forestal aprobará un Plan de Divulgación Forestal*”.

Artigo 112

Punto 1

Engadir no artigo 112.1.: “ *Con esta finalidade crearase unha Rede de Áreas Xenéticas nas que se realizará unha silvicultura dirixida á conservación in situ e a produción de Material Forestal de Reprodución para as principais especies forestais.*”.

Artigo 119

Engadir no final do artigo 119: “*Todo isto estará unido ao Plan de Divulgación que desenvolverá a consellería competente en materia de montes*”.

Artigo 121

Punto 1

Modificar o artigo 121.a.: “*A conservación e mellora do medio*”.

Engadir un punto a-bis que diga “*as comunidades de montes*”

Explicación. As comunidades de montes non son propiedade privada forestal, son titularidades comunitarias.

Engadir artigo 121.bis.: “*Obxecto dos incentivos: Os incentivos regulados neste capítulo deberán ter por obxecto calquera das seguintes actuacións:*

- 1. A execución de actuacións que persigan unha xestión sustentábel do monte.*
- 2. A mellora das masas arboradas co obxectivo do aumento do valor engadido mediante a produción de madeira de calidade.*
- 3. A realización de actuacións dirixidas á prevención directa e indirecta dos incendios forestais, con especial atención aos traballos preventivos a executar polos propietarios nos plans de defensa nas zonas de especial risco de incendio forestal.*
- 4. A implantación e conservación de masas de frondosas autóctonas.*
- 5. A construción de infraestruturas de defensa forestal e a produción forestal promovendo unha xestión sustentábel das mesmas, evitando a súa proliferación excesiva, e potenciando aquelas áreas cortalumes que causen o menor impacto negativo e que sexan de doado mantemento.*
- 6. As actuacións dirixidas a conquistar a multifuncionalidade e a valorización integral do monte.*
- 7. Traballos de restauración hidrolóxico-forestal.*
- 8. A defensa contra pragas e doenzas forestais, a mellora xenética e a conservación dos recursos forestais.*
- 9. A produción madeireira, a investigación forestal e a comercialización e transformación dos produtos dos montes.*
- 10. Os traballos de mellora silvícola, dos pastizais ou das condicións cinexéticas.*
- 11. As actuacións destinadas a ampliar e mellorar o uso recreativo dos montes.*
- 12. A elaboración dos instrumentos de xestión forestal previstos nesta Lei.*
- 13. As actuacións en materia de formación e educación forestal.*
- 14. O fomento do emprego no medio rural.*
- 15. A cooperación entre os propietarios forestais co fin de lograr fórmulas de xestión conxunta coa maior superficie posible.*
- 16. Calquera outra que contribúa ao desenvolvemento, ordenación e protección dos montes galegos.”.*

Artigo 123

Punto 1-b

Eliminar todo o texto que sigue despois de “*comunidades veciñais en man común*”.

Explicación: Sen saber que decide, nin cales son os criterios para definir que unha comunidade de montes non ten recursos financeiros e que non esta garantida a súa sustentabilidade económica, social e medioambiental, manter este punto no borrador da lei

de montes e proceder a unha apropiación encuberta dos montes veciñais, seguramente a favor das Sofor.

Punto 1-g

Engadir o seguinte texto: *"Propietarios particulares ou as súas agrupacións, en terreos da Rede Natura con alto valor ecolóxico e que cumpran os obxectivos de custodia do territorio"*.

Punto 2

Modificar texto: *"O obxecto destes contratos será a posta en valor do monte, a conservación do medio ou a custodia do territorio; de acordo con un plan de aproveitamento integral aprobado pola Administración ó inicio do contrato"*

Punto 3

Engadir seguinte texto: *"No caso de contratos que teñan por obxecto a conservación do medio ou a custodia do territorio, estarán exentos desta taxa"*.

Punto 4

Engadir *"No caso de contratos que teñan por obxecto a conservación do medio ou a custodia do territorio, os investimentos directos serán a fondo perdido"*. Eliminar todo o texto que sigue despois de *"aproveitamentos forestais"*.

Explicación : No punto anterior , producíase unha apropiación encuberta, agora búscase un financiamento para beneficiar ao apropiador, que seguramente será algunha Sofor.

Punto 5

Engadir ao final do texto o seguinte: *Agás os montes veciñais en man común, que terán que ser xestionados directamente pola Administración , podendo colaborar nesta xestión as comunidades de montes da zona ou a mancomunidade de montes da zona.*

Explicación: Os montes veciñais en man común , unha vez apropiados e con financiamento asegurado, entregase a súa xestión a empresas privadas, seguramente, algunha Sofor .

Punto 6

Engadir ao final do texto *"Tamén se creará unha mesa paritaria (administración /comunidade de montes) , para a contratación dos traballos a facer"*.

Explicación: Non pode ser que os titulares das terras non pinten nada.

Artigo 124

Punto 2

Modificar polo seguinte texto: *"O fondo terá un carácter finalistas, destinándose á xestión forestal sostible dos montes e as compensacións precisas para a custodia do territorio"*.

Punto 7

Eliminar todo o que vai dende *"aproveitamentos "* ate *"natureza extraordinaria"*

Explicación: Pero non quedaramos que o monte so forestal e o monte do futuro , pois que se pagan a contrato co que se saque do aproveitamento forestal.

Artigo 125

Engadir : Rexistro de asociacións profesionais ,colexios profesionais e outras asociacións implicados no sector montes .

Explicacións: Completa o listado

Artigo 128

Introducir como falta grave o vertido non autorizado de residuos en terreos forestais.

Explicación: é un atentado contra o medioambiente.

Eliminar , no caso dos lumes forestais, a superficie para catalogar a gravidade da infracción.

Explicación: A superficie queimada non debe influír na calificación da falta.

Artigo 138

Punto 1

Substituír axentes forestais por facultativos medioambientais.

Explicación: é o nome oficial .

Artigo 139

Punto 1

Eliminar os puntos a) e b)

Explicación: Na acción de un delito, o responsable e quen comete o delito ,

Disposición adicional segunda

Punto 1 :

Eliminar os montes veciñais en man común.

Explicación: Chama a atención que , cando en todo o texto do borrador , se considera ao monte veciñal en man común como unha titularidade privada , agora , cando se trata de impor obrigas, o monte veciñal situase a par dos montes públicos patrimoniais.

Engadir un punto **1-bis** , co seguinte texto "Nos montes veciñais en man común ,as cotas mínimas de reinvestimento en mellora , protección , posta en valor dos montes veciñais de xeito multifuncional e sustentable en potenciación a función social dos montes veciñais,do seguinte xeito:

a)-O que veña indicado nos planos de ordenación ou nos planos de xestión técnica de cada monte veciñal.

b)- O 40% nos montes veciñais que carezan de plano de ordenación ou plano técnico de xestión.

c)-O 15% nos montes veciñais en man común situados en zonas desfavorecidas ou con pouca poboación. Nestes casos , cada dous anos , reunirse a Administración e a comunidade de montes respectiva, para analizar se o monte precisa mais investimento en mellora e protección .Nestes casos , a Administración,poderá fixar outro porcentaxe de investimento , que terá que ser excepcional e temporal .

d)-O 100% dos ingresos xerados por incendios ,pragas ,temporais.

Este investimento farase mediante un plano de investimento que terá unha duración de entre 5 e 20 anos .que contará para a súa elaboración co apoio da Administración de montes.

Explicación: Obrigar a todos os montes veciñais en man común,que son distintos e que están situados en distintas zonas do País ,e unha inxustiza .Unha inxustiza que ademais, non favorece o logro de un monte veciñal multifuncional e sustentable. Significará que en algúns montes tiraranse cos cartos (cando o plan técnico indique menos investimento), non chegar para acadar un monte sustentable (cando o plan técnico indique mais investimento) .E nos montes veciñais situados en zonas desfavorecidas ou con pouca poboación empuxara a lograr a desertización do medio .Axudará a despoboar o medio rural.

Punto 2:

Engadir ao final do texto o seguinte: "No caso dos ingresos de natureza extraordinaria ,o

investimento levarase adiante mediante un plano que terá unha duración de entre 5 e 20 anos "

Explicación: De non facerse así ,para xustificar o investimento, nalgúns casos, haberá que asfaltar o monte ou pintar os arbores.

Punto 5:

Engadir despois de "*traballos forestais no monte*" "*e posta en valor do monte veciñal de xeito multifuncional e sustentable*"

Explicación: O monte non é só forestal. Se é só forestal, o monte veciñal en man común ,non terá futuro.

Punto 6

Substituír "*primeiro semestre*" por "*dous anos*"

Explicación: Resulta curioso que en todo o texto do borrador da lei de montes , o monte veciñal situase como unha titularidade privada, agás cando se trata de intervención da Administración. Manter este punto tal e como está, significa, impedir a posta en valor do monte veciñal de xeito multifuncional e sustentable xa que impediráselle ser beneficiario de axudas, e significa tamén, mediante as sancións, o logro dun financiamento que irá ao Fondo de melloras, para beneficiar a algunha Sofor

Punto 7

Eliminalo.

Explicación: Coas achegas presentadas, este punto no ten sentido.

Disposición adicional cuarta

Engadir un segundo punto que diga:

"Polas funcións que levan adiante os montes veciñais en man común ,na eliminación do CO₂, a Administración levará adiante axudas para os montes veciñais que poderán levarse adiante polas seguintes vías:

a)-liña de axuda específica

b)-incremento do porcentaxe da axuda nas subvencións xerais. En todo caso, estas axudas terán carácter finalista polo que terán que ser investidas en:

- plantacións de frondosas autóctonas*
- posta en valor dos montes veciñais en man común de xeito multifuncional e sustentable*
- nos montes veciñais en man común situados en zonas desfavorecidas ou con pouca poboación, reparto entre os veciños e veciñas comuneiros . Se ben , esta última opción terá que ser aprobada pola Administración."*

Explicación: E unha redistribución dos custes medioambientais que benefician a todos e son custeados por algúns .

Disposición transitoria quinta

Punto 1 .

Engadir despois de "*Instrucións de ordenación de Galicia*", o seguinte texto "*Nos casos dos montes consorciados e conveniados ,este plan de ordenación ten que levalo adiante a Administración competente en materia de montes, e ademais ,sacaranse axudas específicas para que os montes veciñais en man común se doten de esta ferramenta de xestión*"

Explicación Non todos as comunidades de montes dispoñen de capacidade económica para dotarse deses planos de ordenación e ademais , un monte ordenado produce melloras para toda a sociedade.

Disposición transitoria oitava

Punto 1

Substituír o texto polo seguinte *"Os consorcios e os convenios, ca entrada en vigor de esta lei, quedan condonados"*.

Explicación : É de xustiza.

Texto alternativo *"Aos efectos contables, serán condonadas as débedas dos consorcios e convenios, sempre que se conte co acordo dos propietarios e que concorran algunha das seguintes condicións:*

a. Os beneficios indirectos e o interese social que xere o mantemento da cuberta vexetal superen os das rendas directas do monte.

b. Que o propietario do solo se comprometa a conservar axeitadamente a masa forestal creada mediante a aplicación dun instrumento de xestión forestal"

Disposicións derogatorias

Punto a

Eliminar este punto.

Explicación: A Administración fixo mal os deslindes dos montes veciñais en man común, e durante este tempo , a pesar de ser unha das obrigas ,non foi quen de arranxalos . Agora , opta pola vía rápida e elimina esta obriga.

Punto b:

Eliminar este punto.

Explicación: Porque tamén pedimos eliminar a Disposición derradeira primeira.

Punto f:

Eliminar a disposición derogatoria 1.f) ao manter a proposta do decreto 43/2008.

Disposición derradeira primeira:

Eliminala

Explicación:As modificacións que formula esta disposición derradeira primeira da Lei de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, son de tal envergadura e atentan contra os principios da devandita lei, que so por iso, hai que pedir a súa eliminación do borrador da lei de montes de Galicia. Así, elimina da xestión da biomasa forestal os mosaicos de parcelas e xa que logo, non rompe a continuidade do combustible do monte , reduce a distancias de seguridade a outras propiedades, as franxas de seguridade cas edificacións sen ningún criterio técnico e anula o impedir que as reforestacións de masas monoespecíficas superen as 50 has continuadas. Esta anulación ,non ten criterios de loita contra o lume. Só ten o criterio de que as Sofor poidan plantar os montes veciñais de inmensas plantacións en réxime de monocultivo (ben especies de crecemento rápido ou ben cultivos enerxéticos). Ademais, unha lei de montes, ten que ter continuidade no tempo, encol que unha lei de prevención e defensa contra os incendios forestais, é preciso que precise modificacións no curto tempo. Xa que logo, se a conselleira do Medio Rural, quer cambiar a lei de prevención e defensa contra incendios forestais actualmente vixente, que faga un borrador da mesma e a someta a información pública, o que non debe facer e que, de forma encuberta, derrogar a lei de prevención e defensa contra incendios forestais, mediante unha disposición derradeira no borrador da lei de montes de Galiza.

Modificar apartado h e i do anexo II:"50 metros".

Modificar apartado j do anexo II: “50 e 100 metros”.

3.- Proposta de novos artigos

Introducir un novo artigo: arbitraje da administración nos MVMC

Arbitraje¹

As comunidades poden someter – logo de compromiso das partes – á decisión do Tribunal Arbitral de Montes² as cuestións litixiosas xurdidas ou que poidan xurdir en materias da súa libre disposición.

A composición, organización e procedemento do Tribunal Arbitral de Montes establecerase regulamentariamente, e no non previsto neste, pola Lei 60/2003, de 23 de decembro, de Arbitraje.

Novo artigo. Inventario Forestal da Comunidade Autónoma de Galiza.

1. A Consellaría competente en materia forestal elaborará e manterá actualizado o Inventario Forestal da Comunidade Autónoma de Galiza, que conterá a información básica para a elaboración dos instrumentos de planificación forestal.

2. O Inventario Forestal de Galiza farase cunha periodicidade adecuada ás necesidades do sector forestal galego, e non será superior a 5 anos.

3. O Inventario Forestal da Comunidade Autónoma de Galiza estruturarase nos seguintes bloques:

a. Inventario estatístico, descritivo e sintético referido a superficies, producións e tipoloxía da propiedade orixe da masa, existencias, crecemento, calidade e estado de conservación.

b. Inventario das masas seminaturais maduras de frondosas autóctonas en bo estado de conservación, coma fontes de diversidade de ecosistemas forestais, de especies e de material xenético.

c. Seguimento e evolución dos montes, con especial atención aos incendios forestais e o estado fitosanitario dos montes.

d. Aspectos xurídico-administrativos: titularidade dos montes incluídos no Catálogo de Montes de Utilidade Pública, comunidades e mancomunidades de montes, agrupacións de propietarios, instrumentos de xestión ou planificación vixentes.

e. Actividades: repoboacións, aproveitamentos, actividades industriais forestais e outras actividades forestais, así como os investimentos públicos e os incentivos da actividade forestal.

f. Análise da produtividade dos montes das principais comarcas ou ecosistemas forestais sobre a base das súas características ambientais.

¹ (Incluír referencia a arbitraje en dereito) . A Lei de Arbitraje establece a arbitraje en dereito e só se acudirá a arbitraje de equidade si as partes así o acordan. Pode despois preverse por vía regulamentaria o sometemento a unha ou outra ou incluso deixar liberdade ás partes para que no acordo arbitral decidan a qué tipo de arbitraje someterse.

² Debe tratarse dunha Corporación de Dereito Público, que poidan desempeñar funcións arbitrais de conformidade coa súa normativa reguladora.

- g. Inventario e mapa de erosión de solos do que se extraerá a necesidade anual de traballos de restauración, naqueles montes con elevado risco de erosión e os que teñan sufridas elevadas perdas de solo.
 - h. Zonas baixo certificación dos indicadores de xestión forestal sustentábel.
 - i. Hortos sementeiros, mouteiras e demais materiais de base para a recollida de material forestal de reprodución.
 - k. Catalogación de especies.
 - l. Calquera outro que a xuízo da consellaría competente en materia forestal se considere de interese.
4. Os bloques regularanse de xeito que poidan ser comparables cos recollidos en inventarios análogos, utilizando datos compatibles.

Novo artigo. Uso social dos montes públicos.

1. Os montes integrantes do dominio público forestal estarán suxeitos ao uso común, xeral, público e gratuito cando as actividades a desenvolver teñan finalidade recreativa, cultural ou educativa non lucrativa, sometida á normativa vixente, particularmente aos instrumentos de xestión aplicábeis, sempre que sexan compatíbeis cos aproveitamentos, autorizacións ou concesións legalmente establecidos.
2. A consellaría competente en materia forestal regulará as actividades non lucrativas e as condicións de acceso público aos montes demaniais consonte ao previsto nesta Lei.
3. A consellaría competente en materia forestal someterá, respecto dos montes demaniais, a outorgamento de autorizacións, aquelas actividades que, de acordo coa normativa autonómica, as requiran pola súa intensidade, perigosidade ou rendibilidade.
4. Para a realización de actividades que impliquen unha utilización privativa do dominio público forestal é necesario o título concesional ou permiso de ocupación temporal outorgado pola consellaría competente en materia forestal.

Novo artigo. Uso cultural, turístico, educativo e recreativo dos montes públicos.

1. A Administración pública competente promoverá o uso cultural, turístico, educativo e recreativo dos montes públicos que sexa axeitado e compatíbel coa súa conservación. Para tal efecto, impulsará áreas, núcleos ou itinerarios recreativos, zonas de acampada, campamentos, aulas forestais e de interpretación ou calquera outro tipo de infraestrutura recreativa.
2. O uso dalgunhas infraestruturas ou instalacións de carácter recreativo, cultural ou turístico poderá requirir o aboamento dun tributo consonte a Lei 6/2003 de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galiza.
3. Considerarase uso común especial a celebración de actos que leven consigo unha afluencia de público indeterminada, e estará suxeito ao disposto no correspondente instrumento de xestión forestal cando teñan carácter tradicional e periódico. En ausencia do devandito instrumento ou cando teñan carácter ocasional, requirirán autorización administrativa, que será en todo caso temporal, e nunca excluírá o uso común xeral. A autorización irá aparellada a unha fianza que garanta a reposición dos posibles danos ocasionados.
4. A consellaría competente en materia forestal asegurará, en todo caso, que os montes se manteñan limpos de elementos estraños a este, quedando obrigados todos á recollida e extracción dos residuos que orixinen. Igual obriga atinxirá aos que realicen calquera actividade autorizada.

Novo artigo. Acceso público aos montes.

1. Sen prexuízo das servidumes e dereitos existentes e do establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza, o acceso de persoas alleas á vixilancia, extinción e xestión, poderá limitarse mediante resolución administrativa por razóns de conservación dos recursos ou valores naturais. As limitacións deberán facerse públicas de forma fidedigna.
2. Salvo por razóns de xestión e vixilancia ou logo de autorización administrativa expresa, queda prohibida a circulación de vehículos a motor percorrendo terreos de monte de calquera titularidade fóra das pistas forestais existentes.
3. A circulación con vehículos a motor por pistas forestais limitarase ás funcións de xestión, incluíndo a vixilancia, extinción de incendios forestais e realización de aproveitamentos forestais e aos usos amparados polas servidumes e dereitos existentes.
4. Excepcionalmente, a consellaría competente en materia forestal poderá autorizar o tránsito aberto motorizado na forma que se determine, cando se comprobe a adecuación do vial, a correcta sinalización do acceso, a aceptación polos titulares e a asunción do mantemento do monte en axeitadas condicións e da responsabilidade civil polos danos que se poidan ocasionar na realización de calquera actividade autorizada. Para tal fin, a consellaría competente poderá establecer fianzas aos peticionarios das devanditas actividades.

Novo artigo. Usos prohibidos.

Quedan prohibidos, salvo expresa autorización da consellaría competente en materia forestal e sen prexuízo doutras autorizacións necesarias segundo a lexislación sectorial aplicábel en cada caso:

1. As accións que impidan ou limiten o normal comportamento das especies animais protexidas.
2. A recollida de produtos sometidos a autorización e de material vexetal, mineral ou de exemplares da fauna dos montes, salvo que se trate de mostras con fins científicos e conten coa preceptiva autorización.
3. O depósito de entullos, lixo, residuos ou escouras de calquera tipo ou natureza.
4. O uso daqueles elementos produtores de ruído, alleos á actividade agroforestal, que poidan alterar os hábitos do gando ou da fauna silvestre.
5. As acampadas, agás nos lugares expresamente permitidos.
6. A publicidade estática.
7. A actividade comercial ambulante.
8. O sinalamento mediante o apuntalamento nas especies forestais.

Novo artigo. Loita contra a desertificación e restauración hidrolóxico-forestal.

1. A Comunidade Autónoma de Galiza colaborará coas Administracións Públicas competentes nos seguintes ámbitos:
 - a. Na elaboración, aplicación e seguemento do programa contra a desertificación establecido no ámbito do artigo 41 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.
 - b. Na elaboración, aplicación e seguimento do plan de restauración hidrolóxico forestal no ámbito do artigo 41 da Lei 43/2003, de 21 de novembro, de montes, sen prexuízo de que, para atender ás específicas necesidades do territorio galego, se establezan proxectos hidrolóxicos e plans de recuperación hidrolóxico forestal específicos.

2. A consellaría competente en materia forestal, a partir do mapa de riscos fronte a erosión delimitará as zonas de perigo por risco de erosión con posíbeis graves perdas de solo, así como aquelas outras ameazadas por risco de inundacións que afecten a poboacións, establecendo medidas de prevención e actuación mediante plans de restauración hidrolóxico-forestal, de aplicación obrigatoria para todas as administracións públicas. No caso de grave risco de inundacións, coordinaranse as actuacións destes plans coa consellaría competente en materia de augas.

Novo artigo. Outros aproveitamentos non madeirábeis.

1. Réxense pola súa normativa específica, sen prexuízo do disposto nesta Lei:
 - a. Os aproveitamentos de recursos non renovábeis, derivados da explotación de canteiras, áridos ou calquera outra actividade extractiva a ceo aberto ou subterránea. Cando se trate de montes de utilidade pública, de especial protección autonómica e montes veciñais, calquera autorización que emita o órgano competente na respectiva materia, esixirá informe previo vinculante da consellaría competente en materia forestal. En todo caso, a autorización do aproveitamento determinará o depósito de fianza abonda, por parte do interesado, que garanta a íntegra restauración dos terreos afectados.
 - b. Os aproveitamentos derivados da caza ou da pesca.
2. A consellaría competente en materia forestal emitirá un informe vinculante sobre os plans de aproveitamento cinexético, piscícola e mineiro que afecten a terreos forestais.
3. A consellaría competente en materia forestal regulará as condicións nas que poden autorizarse e regularse outros aproveitamentos non madeirábeis tales como o micolóxico, apícola, corticeiro, resinas, colleita de plantas aromáticas e froitos silvestres e sementes.
4. A consellaría competente en materia forestal promoverá novas actividades e aproveitamentos do monte de xeito que favorezan a súa posta en valor e contribúan á fixación de poboación no rural.
5. A consellaría competente en materia forestal promoverá as accións e estudos tendentes á valorización e cuantificación de outros bens e servizos que xeran os montes, especialmente na fixación de gases de efecto invernadoiro, na regulación das augas e nos aspectos recreativos e paisaxísticos.

Nova sección: Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel.

Artigo. Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel.

1. A Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel é o instrumento que estrutura os obxectivos, principios e liñas de acción que guiarán a xestión forestal dos montes galegos en consonancia cos principios de xestión forestal sustentábel acordados a nivel estatal e internacional.
2. A consellaría competente en materia forestal está facultada para a elaboración da devandita Estratexia consonte ós principios que a inspiran.
3. Os obxectivos e directrices que conteña a Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel serán vinculantes e determinarán o Plan Forestal de Galiza, os PORF, os instrumentos de xestión e as actuacións das distintas administracións públicas con competencias en materia forestal e de ordenación do territorio.

Artigo. Criterios da Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel .

Á vista dos principios que inspiran a presente Lei, a Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel elaborárase tendo en conta os seguintes criterios:

1. A función produtiva do monte galego, tanto de produtos madeireiros como non madeireiros, establecendo as áreas forestais xestionadas con criterios de sustentabilidade e procurando o equilibrio entre crecemento e producións.
2. Os aspectos socio-económicos, avaliando a incidencia do sector forestal no emprego, potenciando a participación e concienciación pública, a investigación e a educación, así como os servizos recreativos e valores culturais.
3. Os recursos forestais e ciclos globais do carbono, atendendo ás masas en crecemento e á capacidade total da súa almacenaxe nos terreos forestais.
4. A saúde e vitalidade forestal, establecendo o nivel de defoliación, contaminantes atmosféricos, relación de danos, balazo de nutrientes e acidez do solo.
5. As funcións protectoras do monte galego, avaliando a erosión do solo, as medidas de protección xeral e a conservación da auga.
6. A potenciación da diversidade biolóxica, inventariando as especies ameazadas, o nivel de protección xeral, os ecosistemas singulares e o grao de biodiversidade nos bosques produtivos.
7. A función protectora dos montes fronte o cambio climático.

Artigo . Obxectivos da Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel.

Os obxectivos da Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel son os seguintes:

1. A conservación, restauración e mellora da biodiversidade e da paisaxe en función das medidas específicas adoptadas para tal fin.
2. A fixación de dióxido de carbono nos montes como medida de contribución á mitigación do cambio climático.
3. Xeneralización das boas prácticas nas actividades forestais con criterios de xestión sustentábel que redunden na obtención de produtos de calidade, na integración multifuncional do monte e na valorización da biomasa forestal residual.
4. Inventariación periódica dos recursos forestais como ferramenta de avaliación da xestión forestal sustentábel.
5. A conservación dos solos e do réxime hidrolóxico nos montes como medida de loita contra a desertificación por medio do fomento da protección da cuberta vexetal e das medidas necesarias encamiñadas a protexe-lo solo contra a erosión.
6. Implementación de medidas que solucionen as desviacións non acordes coa xestión forestal sustentábel nos temas relativos á saúde vexetal, biodiversidade, proliferación de especies invasoras e cultivos agresivos e perda de emprego no medio rural.

Artigo. Control do cumprimento da Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel.

Corresponde á Consellaría competente en materia forestal o control do cumprimento dos obxectivos da Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel. Este control realizarase mediante os datos periódicos resultantes da elaboración da Estatística Forestal Anual Galega e do Inventario Forestal de Galiza, nos que se reflectirán os resultados da devandita estratexia sobre o territorio.

Disposición transitoria decima (nova)

A consellería competente en materia de montes, de oficio o a instancia da respectiva comunidade de montes, revisará as servidumes ou outros gravames que afecten aos montes veciñais en man común, particularmente as derivadas das instalacións eléctricas. A tal fin, abrirá un expediente para determinar en cada caso a existencia ou non de un título válido en dereito que ampare a referida servidume, non sendo tal a prescrición adquisitiva. No suposto de inexistencia de título, procederase, nun prazo máximo de tres meses, a iniciar os

trámites dun expediente de ocupación ou de expropiación, de acordo co disposto na lexislación específica dos montes veciñais.

Explicación:Regularizar unha situación que está moi extendida no noso territorio ,estando ademais dita regularización dentro das competencias que son propias da Comunidade Autónoma.

Nova disposición transitoria (onceava). Procedemento extraordinario de revisión.

(posibilidade de pasalo ao articulado ou de dar un prazo na disposición transitoria de 5-10 anos)

Os croquis de montes veciñais integrados nun expediente que, pola súa antigüidade, non reúna as características de fiabilidade e precisión que esixen as novas técnicas topográficas, ou en aqueles nos que se tivera incorrido nun erro de feito que resulte dos propios documentos incorporados ó expediente, poderá ser obxecto dun procedemento extraordinario de revisión.

Nestes casos completarase o expediente con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios e, previa vista e audiencia ós afectados, dictarase a pertinente resolución polo Xurado de Montes Veciñais.

Unha vez feita a revisión, procederase á marcaxe dos montes veciñais, que en todo caso debe axustarse ó croquis revisado. A marcaxe poderá realizarse de oficio pola propia Administración ou con base nunha proposta formulada polos propias Comunidades que deberá ser aprobada polo Xurado de Montes e publicada no D.O.G.. Con posterioridade á marcaxe abrirase un prazo de alegacións de 2 meses na que se excluirán as fincas amparadas pola lei Hipotecaria.

Si no procedemento de marcaxe se suscitaran cuestións de posesión consolidada ou propiedade, reiniciarase o deslinde de acordo co previsto no art. 52 e seguintes da presente lei.

Nova disposición adicional. Adecuación das avinzas realizadas á regulación establecida nesta lei.

Para adecuar as avinzas realizadas con anterioridade á entrada en vigor de esta lei ao procedemento de deslindamento entre montes veciñais en man común (artigo 53), publicaranse no D.O.G. as resolucións dos xurados provinciais.

Galiza, xullo de 2011,

Asinado,

ADEGA

ORGACCMM